

orde deberanse conservar, durante os prazos que resulten da normativa tributaria, os datos en soporte informático lexibles e tratables por outros sistemas informáticos distintos a aqueles que se utilizaron na súa xeración.

Para isto, as aplicacións informáticas utilizadas polo contribuínte na xeración dos datos deberán dispor da adecuada funcionalidade de exportación de datos que garanta, se for o caso, a súa importación por outros sistemas e aplicacións informáticas distintas ás utilizadas polo contribuínte no momento da súa xeración e que sexan accesibles no mercado no momento en que a Administración tributaria necesite comprobar os datos do contribuínte.

Disposición adicional segunda. *Réxime dos sistemas de facturación telemática autorizados.*

1. Todos os sistemas de troca de facturación por medios telemáticos autorizados na data de entrada en vigor desta norma, conforme o número cuarto da Orde do 22 de marzo de 1996, que dita as normas de aplicación do sistema de facturación telemática previsto no artigo 88 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, continuarán sendo válidos.

2. Todos os sistemas de facturación aprobados conforme o punto 2 do punto quinto da Orde HAC/3134/2002, do 5 de decembro, sobre un novo desenvolvemento do réxime de facturación telemática previsto no artigo 88 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, e no artigo 9 bis do Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro, que regula o deber de expedir e entregar factura que incumbe aos empresarios e profesionais, continúan sendo válidos conforme as condicións autorizadas sen que precisen dunha nova autorización conforme esta orde.

3. Non serán admisibles modificacións en tales sistemas autorizados salvo que sexan necesarias para adaptalos aos novos requisitos establecidos polo Regulamento de regulación das obrigacións de facturación, aprobado polo artigo primeiro do Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, e desenvolvido por esta orde.

En caso de que sexa necesaria unha modificación nos sistemas autorizados, os interesados deberán comunicalo previamente ao Departamento de Inspección Financeira e Tributaria, que deberá resolver atendendo exclusivamente ao cumprimento dos requisitos exigibles en tal regulamento e nesta orde.

Disposición adicional terceira. *Certificados electrónicos das entidades prestadoras de servizos de certificación e sinatura electrónica.*

No ámbito desta orde, as entidades prestadoras de servizos de certificación e sinatura electrónica poderán desenvolver a súa actividade prestadora tamén no caso de que esta se deba realizar con certificados electrónicos emitidos por esas entidades, co alcance e límites previstos na correspondente declaración de prácticas de certificación.

Disposición derogatoria única.

Queda derogada a Orde HAC/3134/2002, do 5 de decembro, sobre un novo desenvolvemento do réxime de facturación telemática previsto no artigo 88 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, e no artigo 9 bis do Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación do director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

Autorízase o director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria para ditar cantas resolucións sexan necesarias para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 10 de abril de 2007.– O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

MINISTERIO DO INTERIOR

7868 *REAL DECRETO 477/2007, do 13 de abril, polo que se modifica o Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e se establece o procedemento para a súa concesión. («BOE» 90, do 14-4-2007, e «BOE» 94, do 19-4-2007.)*

O Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e se establece o procedemento para a súa concesión, introduciu unha serie de melloras respecto da normativa anterior para atender este tipo de situacións, ao mesmo tempo que adaptaba os procedementos de concesión á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante, a posta en práctica do citado Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, desde a súa entrada en vigor, puxo de manifesto a necesidade da súa revisión co fin de dar unha mellor resposta da Administración xeral do Estado ás necesidades reais que se poñen de manifesto cando se produce unha situación de emerxencia ou de natureza catastrófica.

Os numerosos acontecementos destas características que se viñeron sucedendo no territorio español nos últimos anos, xa como consecuencia de inundacións por enchentes de ríos, temporais de chuvia e vento, ou incendios forestais, afectan cada vez máis núcleos urbanos de poboación, polo que os danos afectan, non só os inmobles destinados a vivendas, senón, con maior frecuencia, aquelas actividades de carácter mercantil, industrial, comercial ou de servizos que se desenvolven neles.

Neste senso, preténdese estender o ámbito de protección deste real decreto a aqueles cidadáns que viron interrompida bruscamente a súa actividade profesional a causa dun feito catastrófico, coadxuvando, mediante a concesión das subvencións que se recollen nesta norma, ao restablecemento e rápida recuperación do seu medio ordinario de subsistencia.

Por outra parte, as subvencións que se destinan á reparación ou rehabilitación das vivendas afectadas ampliáanse a aqueles danos que se producen nos elementos comúns de uso xeral dunha comunidade de propietarios en réxime de propiedade horizontal, que impiden, de igual maneira que os danos sufridos no interior de cada unha delas, o normal desenvolvemento das actividades

domésticas ordinarias cunhas mínimas condicións de habitabilidade.

As axudas destinadas a familias e unidades de convivencia para paliar danos materiais en vivendas e enxoval gradúanse, dunha forma máis equitativa, en función do nivel de ingresos delas e dos danos producidos, ao mesmo tempo que se amplía o número de potenciais beneficiarios.

Na súa virtude, despois de informe do Ministerio de Economía e Facenda, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e precedendo deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de abril de 2007,

DISPÓN O:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e se establece o procedemento para a súa concesión.*

O Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e se establece o procedemento para a súa concesión, queda redactado como segue:

Un. O número 1 do artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«1. O procedemento de concesión rexeráse polo establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da citada lei, e polo establecido neste real decreto.»

Dous. O número 1 do artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«1. Poderán ser beneficiarios destas axudas, nos termos e requisitos establecidos neste real decreto, os seguintes:

a) As unidades familiares ou de convivencia económica que sufran danos persoais ou materiais, ponderándose, para estes efectos, a contía da axuda en proporción aos recursos económicos de que dispoñan para facer fronte a unha situación de emerxencia ou catástrofe.

b) As corporacións locais que, así mesmo, demostren escaseza de recursos para facer fronte aos gastos derivados de actuacións ante situacións de grave risco ou natureza catastrófica.

c) As persoas físicas ou xurídicas que, requiridas pola autoridade competente, levasen a cabo prestación persoal ou de bens, a causa dunha situación de emerxencia.

d) As persoas físicas ou xurídicas titulares de establecementos mercantís, industriais ou de servizos, con menos de cincuenta empregados, cuxos locais de negocio ou bens afectos a esa actividade fosen danados directamente polos feitos derivados da situación de emerxencia ou de natureza catastrófica.

e) As comunidades de propietarios en réxime de propiedade horizontal que sufrisen danos en elementos de uso xeral que afecten tanto a seguranza como a funcionalidade do inmovible, derivados da situación de emerxencia ou de natureza catastrófica.»

Tres. O número un do artigo 9 queda redactado como segue:

«1. A Delegación ou a Subdelegación do Goberno coordinará as actuacións que requiran a intervención doutros órganos das administracións competentes, en especial no que atinxe a aqueles informes técnicos que deban ser emitidos por eses órganos, caso en que se deberá pedir a elaboración deses informes nos momentos inmediatamente posteriores ao acaecemento do feito causante da emerxencia, para se incorporaren á instrución do procedemento.

Os citados informes deberán ser emitidos tanto co fin de valorar o dano subvencionable como a situación socioeconómica dos damnificados.»

Catro. A epígrafe do capítulo III pasa a se denominar «Axudas destinadas a paliar danos materiais en vivendas e enxoval».

Cinco. O artigo 15 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 15. *Danos en vivendas e enxoval.*

1. Poderase conceder subvención nos seguintes supostos:

a) En caso de destrución total da vivenda habitual, sempre que un dos membros da unidade familiar ou de convivencia que residise naquela sexa o propietario.

b) Por danos que afecten a estrutura da vivenda habitual, con idénticas condicións ás exixidas no parágrafo anterior.

c) Por danos menos graves que non afecten a estrutura da vivenda habitual, sempre que un dos membros da unidade familiar ou de convivencia residente naquela estiver obrigado legalmente, en virtude do seu título xurídico de posesión sobre a vivenda, a asumir o custo económico dos danos producidos.

d) Por destrución ou danos do enxoval de primeira necesidade que fose afectado na vivenda habitual polos feitos causantes. Para estes efectos, unicamente se consideran como enxoval doméstico de primeira necesidade os mobles e elementos do equipamento doméstico básico para cubrir as necesidades esenciais de habitabilidade da vivenda.

e) Por danos que, impedindo o normal desenvolvemento das actividades domésticas ordinarias cunhas mínimas condicións de habitabilidade, afecten elementos comúns de uso xeral pertencentes a unha comunidade de propietarios en réxime de propiedade horizontal. Para estes efectos, será requisito imprescindible que esta teña contratada póliza de seguro en vigor no momento de se produciren os feitos causantes, e que o dano se producise por algún risco non incluído no seguro de riscos extraordinarios ou na cobertura ordinaria da póliza de seguro.

2. Para efectos das axudas previstas neste capítulo, unicamente poderán ser obxecto de subvención os danos que fosen causados de forma directa e determinante polo feito catastrófico a que se imputen; para tales efectos, deberá quedar suficientemente probada a relación de causalidade.

3. Por vivenda habitual entenderase exclusivamente a que constitúe o domicilio de residencia efectiva, continuada e permanente da unidade familiar ou de convivencia.»

Seis. O número 1 do artigo 16 queda redactado do seguinte modo:

«1. As unidades familiares ou de convivencia económica poderán ser beneficiarias das axudas

económicas establecidas neste capítulo sempre que os seus ingresos anuais netos estean nos límites que a seguir se indican. Para efectos do cálculo dos ingresos anuais netos, tomaranse os doce meses anteriores ao feito causante ou, no seu defecto, os do último exercicio económico completo que facilite a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Cando os ingresos anuais netos superen en dúas veces e media as seguintes cantidades, non haberá dereito á subvención:

para unidades con un ou dous membros: IPREM + 40%.

para unidades con tres ou catro membros: IPREM + 80%.

para unidades con máis de catro membros: IPREM + 120%.

O IPREM é o indicador público de renda de efectos múltiples.

Cando os ingresos anuais netos superen o IPREM incrementado coas porcentaxes anteriores (pero non no produto de multiplicar a suma por dous e medio), concederáse ata o 50% das axudas previstas no artigo seguinte.

Cando os ingresos anuais netos non superen o IPREM incrementado coas porcentaxes anteriores, concederáse ata o 100% das axudas previstas no artigo seguinte.»

Sete. O artigo 17 queda redactado do seguinte modo:

«As axudas ás unidades familiares ou de convivencia económica para paliar danos materiais concederáse nas circunstancias e contías que se enumeran a seguir:

a) Por destrución total da vivenda habitual poderáse conceder axuda, segundo o custo económico valorado dos danos, até unha contía máxima de 15.120 euros.

b) Por danos que afecten a estrutura da vivenda habitual, referidos unicamente ás dependencias destinadas á vida familiar, concederáse unha cantidade correspondente ao 50 por cento dos danos valorados, non podendo superar a axuda a cantidade de 10.320 euros.

c) Por danos que non afecten a estrutura da vivenda habitual, concederáse unha cantidade correspondente ao 50 por cento deses danos segundo valoración técnica, non podendo superar a axuda a cantidade de 5.160 euros.

d) Por destrución ou danos no enxoval de primeira necesidade da vivenda habitual que resultase afectado polos feitos causantes da solicitude, concederáse unha cantidade correspondente ao custo de reposición ou reparación do enxoval afectado, que non poderá ser en ningún caso superior a 2.580 euros.

e) Por danos en elementos comúns de uso xeral dunha comunidade de propietarios en réxime de propiedade horizontal, concederáse unha cantidade correspondente ao 50 por cento deses danos, segundo a valoración técnica efectuada polo Consorcio de Compensación de Seguros, até unha cantidade máxima de 8.000 euros.»

Oito. O artigo 18 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 18. *Modalidades.*

1. No caso de se producir o falecemento de persoas a consecuencia dos feitos ou situacións de catástrofe pública a que se refire este real decreto, por cada membro falecido da unidade familiar ou de

convivencia concederáse a cantidade de 18.000 euros, coas condicións e requisitos establecidos no artigo 19 deste real decreto.

2. Idéntica cantidade se concederá no suposto de incapacidade absoluta e permanente do membro da unidade familiar ou de convivencia, sendo o beneficiario a persoa declarada nesa situación.

3. Estas axudas só procederán cando a morte ou incapacidade fosen causadas directamente polos feitos que provocaron a situación de emerxencia ou catástrofe pública.»

Novo. O artigo 19 queda redactado do seguinte modo:

«1. Nos casos de falecemento a que se refire o artigo anterior, poderán ser beneficiarios destas axudas, a título de vítimas indirectas, e sempre con referencia á data daquel, as persoas que reúnan as condicións que se indican a seguir:

a) O cónxuxe da persoa falecida, non separada legalmente, ou a persoa que estivese a convivir co falecido de forma permanente, con análoga relación de afectividade á do cónxuxe, durante cando menos os dous anos anteriores á data do falecemento, salvo que tivesen descendencia en común, caso en que bastará con demostrar a convivencia.

b) Os fillos menores de idade da persoa falecida. Así mesmo, os fillos menores de idade que, non o sendo do falecido, o sexan dalgunha das persoas determinadas na alínea a), e convivan con ambos no momento do falecemento.

c) Os fillos maiores de idade do falecido, ou aqueles que, non o sendo deste, o sexan dalgunha das persoas determinadas na alínea a), sempre que concorrer o requisito de dependencia económica respecto do falecido.

d) Na falta das persoas mencionadas nos parágrafos anteriores, serán beneficiarios da axuda os pais da persoa falecida, sempre que dependan dos ingresos desta.

2. Para os efectos do establecido nas alíneas c) e d) do número 1 deste artigo, entenderáse que unha persoa depende economicamente do falecido cando viva total ou parcialmente a expensas deste e non perciba, en cómputo anual, rendas ou ingresos de calquera natureza, superiores ao 150 por cento do IPREM vixente nese momento, tamén en cómputo anual.»

Dez. O artigo 22 queda redactado do seguinte modo:

«Para os efectos de acreditación de escaseza de recursos económicos, unicamente se poderá obter a condición de beneficiario cando o importe dos gastos considerados de emerxencia en aplicación das disposicións deste real decreto, e efectivamente realizados pola corporación local solicitante, supere o tres por cento da contía consignada no seu capítulo orzamentario relativo a gastos correntes en bens e servizos do exercicio en que se producisen os feitos causantes dos gastos.»

Once. Engádesse un novo capítulo, con dous novos artigos 27 e 28, que queda redactado do seguinte modo:

«CAPÍTULO VII

Axudas destinadas a establecementos industriais, mercantís e de servizos.

Artigo 27. *Beneficiarios e requisitos.*

1. Poderán ser beneficiarios as persoas físicas ou xurídicas titulares dos establecementos industriais, comerciais e de servizos, debidamente rexis-

trados para efectos fiscais, en funcionamento, e cun número de empregados igual ou inferior a cincuenta, que sufrisen danos de calquera natureza nas edificacións, instalacións ou bens de equipamento afectos á actividade empresarial como consecuencia da situación de emerxencia ou de natureza catastrófica.

2. As axudas previstas neste real decreto destinaranse á reconstrución dos edificios e das instalacións industriais, comerciais e de servizos que sufrisen danos, á reposición dos seus utensilios, do mobiliario e doutros elementos esenciais, ben como ás existencias e produtos propios da actividade empresarial.

3. Será requisito imprescindible que o titular do establecemento teña contratado póliza de seguro en vigor no momento de se produciren os feitos causantes, e que o dano se producise por algún risco non incluído no seguro de riscos extraordinarios ou na cobertura ordinaria da póliza de seguro.

Artigo 28. *Contía das axudas.*

1. Para paliar os danos en establecementos industriais, comerciais e de servizos determinados no artigo 27, concederáse até un importe máximo de 8.000 euros, sen que, en todo caso, a suma desta subvención e a indemnización que corresponda aboar en concepto de seguro, ou calquera outra subvención ou axuda pública ou privada, supere o valor do dano ou perda producida.»

Disposición transitoria primeira. *Tramitación de procedementos anteriores.*

Os expedientes de concesión de axuda pendentes de tramitación e resolución na data de entrada en vigor deste real decreto tramitaranse e resolveranse de acordo coas disposicións do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, na redacción vixente até a data de entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Documentación complementaria.*

Así mesmo, en canto non se produza o desenvolvemento regulamentario a que fai referencia a disposición derradeira primeira deste real decreto, no que atinxe aos danos producidos en establecementos industriais, mercantís e de servizos, ben como aos causados en elementos comúns de comunidades de propietarios, as subvencións que se deban conceder outorgaranse con base nos danos valorados polo Consorcio de Compensación de Seguros, e na demostración da titularidade do solicitante.

Disposición transitoria terceira. *Aplicación retroactiva do réxime de axudas.*

Sen prexuízo do establecido na disposición transitoria primeira, o réxime de axudas regulado neste real decreto será de aplicación aos sucesos de carácter catastrófico acaecidos en todo o territorio nacional desde o 1 de outubro de 2006 até a data de entrada en vigor desta norma.

Para estes efectos, os beneficiarios que, en virtude dos novos requisitos establecidos para obter tal condición, se poidan acoller ás axudas reguladas neste real decreto, poderán presentar as súas solicitudes de subvención dentro do prazo de dous meses, contado desde a data da súa entrada en vigor, sendo este prazo de aplicación tanto aos interesados que non formularon solicitudes con anterioridade, ao abeiro do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, como a aqueles outros en cuxos procedementos xa se tiver ditado resolución expresa.

Así mesmo, para aqueles procedementos pendentes de resolución na data de entrada en vigor desta norma, derivados de feitos comprendidos no período determinado no parágrafo primeiro desta disposición, serán de aplicación directa os requisitos establecidos neste real decreto, sen que o interesado deba presentar nova solicitude a este respecto.

Disposición derogatoria. *Derrogación de normas anteriores.*

Queda derogado en todos os seus termos o Real decreto 692/1981, do 27 de marzo, sobre coordinación de medidas con motivo de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario e habilitación de desenvolvemento.*

O ministro do Interior, no prazo de tres meses contados desde a publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado», e co informe previo do Ministerio de Economía e Facenda, ditará unha orde de desenvolvemento na cal se determinará a documentación que se deberá presentar para os efectos de comprobar, tanto a existencia do feito causante e do dano subvencionable, como o cumprimento dos requisitos que deben reunir os beneficiarios.

O ministro do Interior, por proposta da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, poderá ditar as instrucións necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de abril de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
ALFREDO PÉREZ RUBALCABA

(Este real decreto publícase tendo en conta a corrección de erros publicada no BOE núm. 94, do 19-4-2007.)

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

8180 *REAL DECRETO 398/2007, do 23 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 20/2005, do 14 de novembro, sobre a creación do Rexistro de contratos de seguro de cobertura de falecemento.* («BOE» 94, do 19-4-2007.)

A Lei 20/2005, do 14 de novembro, sobre a creación do Rexistro de contratos de seguros de cobertura de falecemento, crea o citado rexistro de natureza pública, dependente do Ministerio de Xustiza, e cuxa xestión centralizada se levará no Rexistro xeral de actos de derradeira vontade da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

A finalidade deste rexistro é dar a coñecer se unha persoa falecida estaba asegurada cun seguro de cobertura de falecemento, xa que en moitas ocasións, por des-